

SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono				
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS						
Nome da rúa, praza, etc			Número	Piso	Porta	Código Postal
Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico			
DATOS DO REPRESENTANTE (no caso de existir)						
DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono				

DIGO:

Que, desexando obter licenza de primeira ocupación da edificación construída en:

Rúa / Camiño / Praza: _____

Barrio _____ Parroquia: _____

con base na licenza municipal de obras outorgada en data _____ no expediente nº _____ ,
e con referencia catastral da parcela _____ ,
teño a ben achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado e, no seu caso, acreditación da representación.
- Certificado final de obra visado polo/s Colexio/s Profesional/ís correspondente/s.
- Memoria técnica na que se recolla o estado final da edificación, (no caso de que non haxa cambios, tamén farase constar), así como reportaxe fotográfica na que se aprecien tódalas fachadas e, no seu caso, a porción de parcela cedida, e se fora o caso, urbanizada. Farase constar, ademais, aqueles aspectos de este formulario que non sexan aplicables á edificación.
- Certificado no que se acredite o cumprimento da normativa sobre protección acústica. (Ordenanza Municipal de protección contra a contaminación acústica de Nigrán - BOP 191 do 2/10/2009 e modificación en BOP 11/10/12).
- Certificado de eficiencia enerxética e xustificación da súa inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 8.6 do Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia).
- Certificación rexistral na que se faga constar a vinculación urbanística da licenza municipal á parcela e, no seu caso, a indivisibilidade da mesma.
- Copia do xustificante da presentación na Administración correspondente do impreso de alteración catastral (impreso 902).

Se é o caso: (de non ser necesario, deberá xustificarse na memoria técnica do estado final)

- Boletín de instalación e (de ser o caso) Certificado Final de Obra da Instalación Común de Telecomunicacións, axustado ao modelo normalizado do Anexo IV da Orde CTE/1296/2003 do 14 de maio de 2003, selado pola Xefatura de Inspección de

Telecomunicacións correspondente, nas edificacións nas que sexa esixible (art 3 R.D. 401/2003, do 4 de Abril polo que se aproba o regulamento regulador de ICT)

Certificado da correcta instalación e funcionamento da ventilación forzada de garaxes, vestíbulos e escaleiras de evacuación.

Á vista de canto antecede,

SOLICITO o outorgamento da licenza de primeira ocupación da edificación indicada.

En Nigrán, a

Asdo.

_____ / _____ / 20 _____

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA EXERCITAR OS SEUS DEREITOS

Principios normativos: A licenza de primeira ocupación é o acto administrativo que acredita que os edificios ou as vivendas cumpren os requisitos esixidos para ser destinados a uso residencial e se axustan á licenza urbanística outorgada (art. 5.d da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia - LVG -).

A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios. A administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a previa existencia de licenza de primeira ocupación (art. 43 LVG)

Os notarios e rexistradores da propiedade esixirán para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova rematada que se acredite o outorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o outorgamento da licenza de primeira ocupación (art. 44 LVG).

As licenzas municipais outórganse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais (art. 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia – LSG -).

Presentación das comunicacións: As comunicacións e documentación anexa presentaranse directamente no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán na Praza da Constitución nº 1, dentro do horario de apertura establecido, ou ben por calquera outro dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Representación: Deberá acreditar que ostenta tal condición mediante poder notarial ou en comparecencia persoal do interesado, todo elo conforme ao disposto no art. 5 da LPAC

Documentación a aportar: Para a tramitación das solicitudes de licenza de primeira ocupación resulta imprescindible a achega como mínimo da documentación sinalada no apartado correspondente do presente formulario. No caso de non achegarse a documentación completa, requiriráselle por unha soa vez e por prazo máximo de 15 días para que emende a solicitude. De non responder en prazo ao dito requirimento, teráselle por desistido da solicitude e arquivarase o expediente. Recoméndase a achega da documentación completa, dado que as solicitudes deficientes **prolongan innecesariamente a tramitación administrativa** e poden facer incorrer en **gastos** por taxas ao solicitante.

Prazo para resolver: As peticións de licenza de primeira ocupación de vivendas resólvense nun prazo de dous meses (2 meses). O resto de peticións de licenza de primeira ocupación resólvense no prazo de tres meses (3 meses). Transcorrido o dito prazo sen comunicarse ningún acto, entenderase desestimada a petición por silencio administrativo .

Taxas e impostos: Os regulados na ordenanza fiscal da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos de control (BOP do 12/04/13), sen prexuízo doutros previstos legal e regulamentariamente.